

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS (CECOOP) DURANTE O ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actividades do Centro de Estudos Cooperativos durante o ano 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Centro de Estudos Cooperativos é un centro de carácter mixto constituído pola Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Foi creado por convenio de colaboración celebrado en 2002 entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela e ten vixencia indefinida.

Son finalidades do CECOOP a investigación, formación e realización de estudos que con carácter xeral teñan relación coa economía social e, en concreto, co cooperativismo. Para o cumprimento dos seus fins, o CECOOP disporá de fondos bibliográficos e arquivos no Departamento de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.

A Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor coñecemento da



economía social en Galicia e por ende a un mellor desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, no capítulo de transferencias correntes, recolle nominativamente o convenio co CECOOP na aplicación orzamentaria 11.04.324C.444.1. Unida esta circunstancia á finalidade de mercado carácter social que desempeña a Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro de Estudos Cooperativos na promoción, impulso e desenvolvemento do coñecemento, a investigación e a difusión de materias relacionadas co cooperativismo, e ao feito de que se trate do único Centro Universitario de carácter mixto dedicado á investigación, formación e estudo do cooperativismo nas súas dimensións económica e xurídica, xustifícase, ao abeiro dos artigos 19.4.a e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das ditas accións, sen promover a concorrència pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

A directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social
Covadonga Toca Carús

